

## ANUNCIO CONSULTA PÚBLICA

### SUMARIO

Trámite de consulta pública de Ordenanza Municipal Reguladora que ten por obxecto:

Establecer unha organización en base á estrutura e recursos municipais, contando coa colaboración das entidades privadas e os cidadáns, para garantir a coordinación preventiva e operativa respecto da protección das persoas e bens ante os danos producidos polas situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, sen esquecer todo tipo de emerxencias menores, mediante actuacións que permitan evitar as mesmas, reducir os seus efectos, reparar os danos, e , no seu caso, contribuír a corrixir as causas produtoras das mesmas.

### TEXTO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza Reguladora **DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS E VOLUNTARIAS DE EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL DOS CONCELLOS INTEGRADOS NA AGRUPACIÓN RIBEIRA DO MIÑO**, (Arbo, Crecente e As Neves), solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de vinte días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

|                                                             |                                                                                                                                                                                                                                                    |
|-------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa</b> | Garantir a coordinación preventiva e operativa respecto da protección das persoas e bens ante os danos producidos polas situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, sen esquecer todo tipo de emerxencias |
|-------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|





|                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                  |
|------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                        | menores, mediante actuacións que permitan evitar as mesmas, reducir os seus efectos, reparar os danos, e , no seu caso, contribuír a corrixir as causas produtoras das mesmas.                                                   |
| <b>Necesidade e Oportunidade da súa aprobación</b>                     | A organización e funcionamento da Agrupación de Voluntarios/as de Protección Civil como modalidade de incorporación dos cidadáns á actividade de protección civil,                                                               |
| <b>Obxectivos da norma</b>                                             | Coordinar os servizos municipais dedicados dunha forma cotiá ó cumprimento de misións que encadren nas de presenza e actuación en situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública.                                   |
| <b>Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias</b> | O desenvolvemento da lexislación estatal e autonómica por parte das Entidades Locais, ha de levarse a cabo necesariamente a través da potestade regulamentase municipal, que conleva a elaboración de ordenanzas e regulamentos. |

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

